

CONCURSO DE VÍDEORECEITAS: AS ARTES DOS PEIXES E DOS MARISCOS DE CAMARIÑAS.(A CORUÑA)

BASES DO CONCURSO.

Este concurso incentiva e promove o emprego da lingua galega na internet e nas redes sociais. Ten como obxectivo a recuperación e revalorización da cociña tradicional e o patrimonio culinario das comunidades mariñeiras. Unha cociña, como a do Concello de Camariñas (A Coruña) que emprega os peixes e os mariscos capturados con diferentes artes e técnicas polos mariñeiros e polas mariscadoras.

O concurso está cofinanciado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Concellaría de Comercio e Turismo do Concello de Camariñas.

DURACIÓN. O concurso iniciase na data de publicación das bases na web www.camarinasnet e rematará o 30 de setembro de 2016 ás 13:00h

PRAZOS

- O 30 de setembro ás 13:00h rematará o prazo para presentar as vídeoreceitas e para as votacións na canle de YouTube do concurso <http://goo.gl/Rk8qYs>
- O 10 de outubro darase a coñecer a vídeoreceita premiada polos votos do público.

PARTICIPANTES

Poderá concursar calquera persoa maior de idade e tamén a menor de idade con autorización do/a titor/a legal que aparece no anexo I destas bases.

PROCEDIMENTO PARA PARTICIPAR

1. A persoa concursante poderá presentar un vídeo da súa vídeoreceita, en calquera formato, e subilo á súa canle de **YouTube**. Se non ten canle de

- YouTube pode enviálo co correo de solicitude de participación (adl@camarinas.net). Poderá empregar <https://www.wetransfer.com/> ou calquera outro medio para enviar os vídeos con moito peso.
2. As vídeoreceitas deberán cumprir os requisitos que se establecen nestas bases
 3. O video coa túa vídeoreceita deberá ser nomeado co seguinte formato ***Concurso_VídeoreceitaCamariñas_Nome_Apelidos.***
Exemplo *Concurso_VídeoreceitasCamariñas_Paco_Fogons_Coitelo*
 4. As persoas concursantes deberán enviar a solicitude de participación ao correo electrónico adl@camarinas.net co asunto *Concurso as artes dos peixes e dos mariscos de Camariñas*. Neste correo deberá engadir a seguinte información:
 - Nome e apelidos
 - O alias co que desexas participar (opcional)
 - Teléfono de contacto
 - Nome da receita
 - Nome do peixe ou marisco protagonista da mesma
 - Enlace ao vídeo (ou arquivo do vídeo se desexas que sexamos nos quen o subamos á nosa canle de YouTube)
 - No caso de ser menor de idade debe xuntarse no correo o documento de autorización para concursar asinado polo titor/a (Anexo I destas bases)
 5. O Concello de Camariñas publicará na súa canle de YouTube "Concurso de vídeoreceitas as artes dos peixes e mariscos de Camariñas" <http://goo.gl/Rk8qYs> , tódolos vídeos concursantes.
 6. Cada concursante pode animar aos seus coñecidos e amigos a votar con "me gusta" ao seu vídeo.
 7. A vídeoreceita gañadora será a que máis "me gusta" acade ata o remate do concurso.

REQUISITOS DAS VÍDEORECEITAS

- Deberá empregarse a lingua galega na vídeoreceita
- Poderán concursar vídeos de receitas tradicionais e novas sempre que non foran premiadas noutros concursos.
- As receitas deben ter como protagonista un peixe ou marisco que capturan as embarcacións ou extraen as mariscadoras do Concello de

Camariñas. Poderán empregarse tamén as conservas que se producen nas industrias conserveiras de Camariñas.

- As receitas deben estar explicadas dabondo para poder ser reproducidas sen dificultade por calquera persoa.
- Recomendase que a duración sexa entre dous e dez minutos máximo.
- O vídeo deberá:
 - ✓ Iniciarse coa frase: *Vídeoreceita para o concurso As artes dos peixes e dos mariscos de Camariñas presentado por (nome e apelidos ou sobrenome da persoa concursante)*
 - ✓ No vídeo deberá incluírse, como mínimo, a seguinte información: Ingredientes da receita, duración, dificultade, peixe/marisco protagonista e proceso de elaboración.
 - ✓ Pode engadirse os comentarios e observacións que se desexen.
 - ✓ Debe pecharse o vídeo cunha despedida.
- Lembre! As receitas deben estar explicadas dabondo para poder ser reproducidas sen dificultade por calquera persoa.

PREMIOS

Primeiro premio á receita máis votada polo público. Deberá contar cun mínimo de 20 votos

- Cheque de 100€ para mercar nos comercios/pescaderías de Camariñas
- Diploma de gañador/a
- Bolsa de agasallos "Camariñas, o mar todo"

A persoa premiada serán publicitada nas redes sociais do Concello de Camariñas e será notificada por correo electrónico ou por teléfono. Se no prazo de 5 días naturais dende o devandito aviso non se recibe confirmación do premiado ou premiada, o Concello de Camariñas poderá seleccionar outro gañador ou gañadora ou mesmo deixar deserto o premio.

DEREITOS E OBRIGAS

YouTube non patrocina este concurso polo que se exime a YouTube de calquera responsabilidade relacionada co mesmo. Este concurso cumpre coas [directrices e políticas](#) de concurso de YouTube

As persoas usuarias serán reponsables dos seus propios comentarios e/ou publicacións, exonerando ao Concello de Camariñas de calquera responsabilidade derivada dos contidos aportados polos devanditos usuarios

As persoas concursantes deberán atender aos termos e condicións establecidos por YouTube no referente ao rexistro e uso da páxina e das diferentes aplicacións, publicacións, contidos etc, así como todo o relativo ás condicións de privacidade, protección de datos e propiedade intelectual

Os vídeos deberán ser orixinais e serán respectuosos nos seus contidos, non admitíndose contidos sexuais, violentos, denigrantes, racistas, discriminatorios ou difamatorios ou que poidan ferir a sensibilidade dunha persoa media ou que inciten a condutas ilegais

Queda prohibida a inclusión de comentarios e /ou publicacións que inclúan datos de carácter persoal ou imaxes de terceiras persoas sen o seu consentemento expreso para a difusión da súa imaxe.

Os datos facilitados polos participantes deberán ser veraces. No seu defecto o premio será anulado polo Concello de Camariñas.

PROPIEDAD INTELECTUAL E PROTECCIÓN DE DATOS

A participación no concurso implica as persoas gañadoras permiten que os seus datos persoais sexan publicados como gañadores en calquera das plataformas oficiais, web e redes sociais do Concello de Camariñas.

Os datos subministrados neste concurso someteranse á política de privacidade e protección de datos que corresponda a cada entidade, así como ás que corresponden ás redes sociais e aplicacións empregadas neste concurso: YouTube, Instagram e Facebook.

Polo feito de participar, cada concursante autoriza ao Concello de Camariñas á promoción, exhibición e publicidade, sen fins lucrativos, dos vídeos, información e imaxes incluídas neles. Puidendo incluírse nunha publicación sobre este concurso sempre que inclúa os datos das persoas autoras dos vídeos. Esta autorización, sen pagamento de dereitos, concedese con expresa facultade de cesión a terceiros e sen limitación xeográfica, de sistema ou formato. Polo que o Concello de Camariñas poderá empregar estes vídeos e imaxes para promocionar o concello en calquera tipo de formato, así como para elaborar e publicar un recetario on line ou en papel.

Cada participante garante a autoría e orixinalidade dos vídeos remitidos, non constituíndo éstas nin copia nin modificación total ou parcial de ningunha obra o elemento preexistente, non infrinxindo polo tanto os dereitos de terceiros.

Neste sentido, os participantes asumen plena e exclusiva responsabilidade pola participación que realiza e se comprometen a manter indemne ao Concello de Camariñas fronte a calquera reclamación de terceiros que traiga causa da vulnerabilidade das presentes garantías

PROCEDIMENTO DE RECLAMACIÓN

A participación no concurso implica a aceptación destas bases e o criterio do Concello de Camariñas nas súas resolucións respecto destas bases.

O período de reclamación remata aos cinco (5) días dende a data de comunicación á persoa premiada. As reclamacións presentaránse nun escrito dirixido ao Concello de Camariñas: Praza de Insuela, 57. 15123, Camariñas (A Coruña).

Para o coñecemento de calquera litixio que puidera plantexarse respecto da interpretación ou aplicación das presentes bases, tanto o Concello de Camariñas como os participantes no concurso, sometense expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais de Corcubión (A Coruña).

Estas normas tamén se poden encontrar en **www.camarinas.net**

ANEXO I: AUTORIZACION PARA OS MENORES DE IDADE

D/na _____

Con DNI _____

Con enderezo _____

No concello de _____

Tfn de contacto _____

Como titor/a legal de

AUTORIZA A

(nome e apelidos do menor) _____

A participar no concurso de vídeoreceitas AS ARTES DOS PEIXES E DOS MARISCOS DE CAMARIÑAS aceptando as bases deste concurso que se publican na web www.camarinas.net.

O que asina en _____ a _____ de _____ de 2016.

Asd _____